

MÁSTER UNIVERSITARIO EN GOBERNO LOCAL E POLÍTICAS PÚBLICAS INNOVADORAS: CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS CURRICULARES 2024-25

1. Marco xurídico

- Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.
- Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- RR do 12/09/2023 pola que se establece o réxime de inclusión na seguridade social e cotización do alumnado da USC para que realice prácticas académicas externas.

2. Obxecto

É obxecto da presente convocatoria a realización por parte do alumando do Máster en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras (MGLePPI) dun período de prácticas académicas curriculares integrantes do plano de estudos e recoñecidas para a obtención do devandito título. As prácticas serán realizadas en institucións, consultoras ou entidades vinculadas coa Administración Local ou coa investigación e a innovación, co fin de servir de ponte entre a experiencia vital do estudantado e o desempeño dun posto de traballo, e supoñen a aplicación directa dos coñecementos adquiridos nestes estudos.

3. Duración e oferta de entidades colaboradoras

Segundo o artigo 17.3 do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, as prácticas externas curriculares, no caso de establecerse no plano de estudos, terán un máximo dun terzo da carga total dos créditos do título. O plan de estudos da presente titulación establece unha carga de 9 ECTS, **equivalente a 225 horas**. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e a dispoñibilidade da entidade colaboradora. Os horarios, en todo caso, deberán ser

compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudante na universidade.

A oferta de entidades nas que se poderán realizar as prácticas corresponde á establecida na listaxe que figura no **Anexo II** desta convocatoria.

4. Criterios para asignación das prácticas ao alumnado do MGLePPI

Xunto a esta convocatoria publícase unha **listaxe provisional de prelación** na que os estudantes figuran ordenados segundo as súas cualificacións como alumnado do **MGLePPI** ao peche de actas do primeiro semestre do presente curso académico (**Anexo I**).

A listaxe publicarase na Sede Electrónica da USC e no Taboleiro da Facultade. O alumnado dispón de **3 días hábiles** para reclamar contra a listaxe no caso de observar algún erro nesa prelación. As reclamacións deben dirixirse á Unidade politicaxcd@usc.gal) con copia para a coordinadora do Máster (natalia.paleo.mosquera@usc.es).

Se pasados os prazos de reclamacións non houbera ningunha, esta listaxe devirá definitiva.

5. Asignación provisoria e definitiva das prácticas

As persoas matriculadas das prácticas serán convocadas para elixir praza de prácticas en sesión pública e presencial, no Seminario 2.2 da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (espazo habitual de clases deste Máster) o día **19 de marzo de 2025 ás 18:30h**. Estarán presentes no acto a coordinadora do Máster, Prof. Natalia Paleo Mosquera e un/ha docente que sexa membro da comisión académica do Máster.

Quen por causas xustificadas non poida asistir ao acto de adxudicación, poderao comunicar mediante correo electrónico -ou outro medio válido-, á coordinadora do máster (natalia.paleo.mosquera@usc.es) xustificando a incomparecencia e solicitando que

o/a substitúa outra persoa da súa elección debidamente identificada. Esta solicitude deberá ser enviada antes das 23:59 horas do día anterior ao acto de adxudicación. Durante o acto de asignación, chamarase ás persoas matriculadas das prácticas seguindo a orde de prelación da nota media, de maior a menor, quen irán expresando a súa preferencia en función da dispoñibilidade de prazas.

O resultado da asignación publicarase nunha resolución provisional no Taboleiro Electrónico da USC. Quen estea descontente coa adxudicación, poderá presentar unha reclamación no prazo de 3 días hábiles.

As reclamacións deben dirixirse á Unidade de Xestión do Centro (politicas.uaxcd@usc.gal) con copia para a coordinadora do Máster (natalia.paleo.mosquera@usc.es). Rematado o prazo, publicarase a resolución definitiva.

6. Titor/a académico e titor/a externo

O alumno/a terá un titor/a académico de prácticas, que será a persoa que coordine as prácticas do Máster, quen terá como misión o contacto cos responsables da entidade na que o alumno/a desenvolve as prácticas e a realización dun seguimento das mesmas co obxectivo de asegurar un correcto desenvolvemento. Así mesmo, o titor académico será o responsable de avaliar e cualificar as prácticas do alumnado que titorice.

Cada estudante contará tamén cun **titor/a externo na entidade colaboradora** onde realice as prácticas. Esta persoa será a responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar o informe de valoración que lle sexa solicitado sobre as actividades desenvolvidas polo estudante.

7. Avaliación

As prácticas externas en entidades sométense a unha avaliación baseada en dous elementos, segundo o establecido na guía docente:

a) Informe de avaliación emitido pola entidade (Anexo III): a institución na que o alumno/a desenvolve as súas prácticas **emitirá nun prazo de 10 días**, logo da conclusión das mesmas, un **Informe avaliador** que remitirá por email ao coordinador das prácticas (bran.barral.buceta@usc.es), onde se reflectirán as principais características das practicas realizadas e unha valoración do desempeño do estudante nese período.

b) Memoria: **nun prazo máximo de 15 días** trala finalización de prácticas, o alumno/a deberá entregar ao seu titor/a académico/a (bran.barral.buceta@usc.es) unha **Memoria de prácticas** que, como mínimo, deberá comprender os seguintes aspectos:

- i. Datos persoais do estudante.
- ii. Entidade colaboradora onde realizou as prácticas, localización e período de realización.
- iii. Descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos que estivo asignado.
- iv. Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios cursados.
- v. Relación dos problemas expostos e o procedemento seguido para a súa resolución.
- vi. Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- vii. Valoración cualitativa e motivada das prácticas e suxestións de mellora.

Así mesmo, o/a alumno/a deberá, no mesmo prazo, entregar ao titor/a académico a **Ficha-resumo das prácticas** (Anexo IV) debidamente cumprimentada.

O profesor/a-titor/a, á vista dos devanditos documentos e tendo en conta a adecuación aos obxectivos definidos no proxecto formativo, cualificará os mesmos consonte ao seguinte baremo:

- Desempeño do alumno/a avaliado pola empresa de acollida: 50%.
- Valoración das prácticas avaliadas polo profesor/a-titor/a: 50%

8. Recursos

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á súa publicación, perante este órgano ou directamente ante a Reitoría da USC ao abeiro do disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A coordinadora do Máster

Natalia Paleo Mosquera

Anexos a esta convocatoria:

- Anexo I: Listaxe de prelación do alumnado para a asignación da entidade
- Anexo II: Oferta de prazas de prácticas para este curso 2024-25
- Anexo III: Informe de avaliación emitido pola entidade
- Anexo IV: Ficha-resumo das prácticas
- Anexo V. Recomendacións para a elaboración Memoria de prácticas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: NATALIA PALEO MOSQUERA, NIF ***9913**, 13/03/2025 09:46:26.

CSV: 0153-D0AA-4253-BA9D